



VAWEB

Guía AUTOFIRMA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



CONTROL DE VERSIONES Y DISTRIBUCIÓN

VAWEB

NOMBRE DEL DOCUMENTO: Guía AUTOFIRMA	VERSIÓN: v.01.00
CODIFICACIÓN DEL DOCUMENTO: VAWEB_v.01.01-Guia_Autofirma.odt	
ELABORADO POR:	FECHA: 02/12/19
VALIDADO POR:	FECHA:
APROBADO POR:	FECHA:

REGISTRO DE CAMBIOS

Versión	Causa de la nueva versión	Fecha de aprobación
01.00	Elaboración do documento	02/12/19

LISTA DE DISTRIBUCIÓN *(opcional)*

Nombre	Número de copia	Área/Centro/Ubicación

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDAD

Este documento es propiedad de la Consellería de Sanidade.

Se deberá utilizar dicho material exclusivamente para los servicios que han sido acordados con la Consellería de Sanidade y que requieren necesariamente su empleo.

Dicho compromiso incluye la prohibición de la reproducción total o parcial del material mencionado, por cualquier medio o método.



ÍNDICE

Sumario

<u>INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>INSTALACIÓN AUTOFIRMA.....</u>	<u>5</u>
<u>DESINSTALACIÓN AUTOFIRMA.....</u>	<u>9</u>
<u>MAIS INFORMACIÓN AUTOFIRMA.....</u>	<u>11</u>



1. INTRODUCCIÓN

AutoFirma é unha ferramenta de escritorio con interface gráfica que permite a execución de operacións de sinatura de ficheiros locais en contornas de escritorio (soportado para Windows 7 ou superior). Tamén pode empregarse a través de consola ou ser invocada por outras aplicacións mediante protocolo para a execución de operacións de sinatura.

AutoFirma fai uso das claves privadas asociadas aos certificados do usuario e non permite que estes saían en ningún momento do almacén (tarxeta, dispositivo USB ou navegador) localizado no seu PC.

AutoFirma non almacena ningún tipo de información persoal do usuario, nin fai uso de cookies nin ningún outro mecanismo para a xestión de datos de sesión.

AutoFirma si almacena trazas da súa última execución a efectos de ofrecer soporte ao usuario no caso de atopar algún erro. Estas trazas de execución non conteñen ningún tipo de información persoal e a aplicación non facilita de ningunha forma o acceso a estes datos almacenados.

O presente documento guía ó usuario final de Autofirma a través da instalación e configuración dos diferentes permisos e certificados necesarios para o correcto funcionamento da sinatura.



2. INSTALACIÓN AUTOFIRMA

A instalación de AutoFirma sobre Microsoft Windows debe realizala un usuario con permisos de administrador.

O arquivo de instalación distribúese co nome “AutoFirma_X.E.Z.exe”, onde X, E e Z (opcional) son os números da versión. Por exemplo, “AutoFirma_1.6.0_32.exe” correspondería a AutoFirma versión 1.6.0 para sistemas de 32 bits.

AutoFirma é compatible con Windows 7 ou superior en 32 e 64 bits (x86 ou x64).

Unha vez instalada, pode utilizarse dende Microsoft Internet Explorer v.11, Google Chrome v.46 ou superior e Mozilla Firefox v. 41.0.2 ou superior.

Importante: débese comprobar que si o equipo ten instalada previamente unha versión de Java e a versión de Autofirma que se instale debe ser compatible con esta, é dicir, si se ten Windows 64 bits, pero se ten instalado Java de 32 bits, débese de instalar Autofirma de 32bits, sin embargo se non se ten instalado Java, poderase instalar Autofirma de 64 bits.


O proceso de instalación guiaralle a través duns sinxelos pasos:

1. Pulsar **Seguiente** na pantalla de benvida:






2. O usuario pode ler o texto da licenza de AutoFirma e debe aceptar o acordo para continuar co proceso de instalación, pulsando o botón **Acepto**.



3. Permítese escoller a ruta de instalación da aplicación. Pode deixar a ruta que se mostra por defecto (recomendado) ou seleccionar calquera outra localización. No caso de modificar o directorio por defecto, asegúrese de instalar AutoFirma nun directorio propio e non onde estea compartido con máis aplicacións ou documentos. A continuación premerase o botón **Instalar**.






4. O proceso de instalación extrae e copia os ficheiros necesarios. Unha vez feito isto instalárase un certificado de confianza SSL xerado no almacén local de Windows.

Este proceso de instalación tamén afecta os perfís de Mozilla Firefox e á configuración de Google Chrome. No caso de atoparse abertos estes navegadores, informaráselle ao usuario mediante unha xanela de advertencia e deberá pechalos manualmente para poder continuar.

Téñase en conta que o navegador Google Chrome pode quedar aberto mesmo despois de pechar a súa xanela. Neses casos, aparecerá unha icona na área de notificacións do escritorio do usuario e deberá pecharse a través da opción proporcionada no menú contextual desta icona.

Unha vez finalizado o proceso, o usuario poderá premer o botón **Siguiente** para coñecer o resultado da instalación.



5. Cando o asistente remata, a instalación finalizaría.



NOTA: É probable que despois da instalación de AutoFirma, ao executalo como aplicación de escritorio ou como parte do proceso de firma Web, a máquina virtual de Java instalada xunto con AutoFirma solicite permisos para o acceso a Internet pasando polo Firewall de Windows. É necesario conceder estes permisos para que AutoFirma poida executar tarefas propias do seu funcionamento habitual, como son a procura de actualizacións ou a comunicación coa navegador Web nos procesos de firma web.




3. DESINSTALACIÓN AUTOFIRMA

1. A desinstalación do programa pode facerse, como é habitual en Windows, dende o apartado **Programas e características** do **Panel de control** do sistema operativo (sempre por parte dun usuario con permisos de administrador):




2. Unha vez lanzado, o desinstalador presenta un sinxelo asistente:





3. Ó premer no botón **Desinstalar** iniciárase o proceso de desinstalación.



Este proceso de desinstalación tamén afecta os perfís de Mozilla Firefox e á configuración de Google Chrome. No caso de atoparse abertos estes navegadores, informaráselle ao usuario mediante unha xanela de advertencia e deberá pechalos manualmente para poder continuar. Téñase en conta que o navegador Google Chrome pode quedar aberto mesmo despois de pechar a súa xanela. Neses casos, aparecerá unha icona na área de notificacións do escritorio do usuario e deberá pecharse a través da opción proporcionada no menú contextual desta icona. Cando o proceso remate, a aplicación foi correctamente desinstalada de Windows.





4. MAIS INFORMACIÓN AUTOFIRMA

1. Para maior información sobre os requisitos técnicos, visitar: <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Requisitos-tecnicos-para-a-presentacion-electronica-de-solicitudes-escritos-e-comunicacions>
2. Para levar a cabo validacións, entre elas a do certificados dixital ou a da firma, poderase facer en: <https://valide.redsara.es/valide/>